



Nº Expediente: 2017/C005/000001

Asunto: Contratación de SUBMINISTRO DE MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA DO CONCELLO DE CEDEIRA. PMA 2016

MESA DE CONTRATACIÓN (3)

ACTA DE VALORACIÓN DA SEGUNDA OFERTA PRESENTADA OU RATIFICACIÓN DA PRIMEIRA; E PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN MEDIANTE PROCEDIMENTO NEGOCIADO DO SEGUINTE CONTRATO:

Obra/Subministro: SUBMINISTRO DE MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA DO CONCELLO DE CEDEIRA. PMA 2016

Importe de licitación: 24.676,26 € IVE incluído (Prezo sen IVE 20.393,60 €)

ASISTENTES

PRESIDENTE:

Don Pablo Diego Moreda Gil, alcalde

VOGAIS:

Dona María José Rodríguez Pérez, concelleira

Don José Camilo Casal García, concelleiro

Don Antonio Rodríguez Fabello, arquitecto municipal

Dona Ana Velo Ruiz, secretaria do concello

Don Jorge Vidal Zapatero, interventor municipal.

SECRETARIA:

Dona M^a Montserrat Pérez Garrote, funcionaria do Concello.

No Salón de plenos do Concello de Cedeira (A Coruña), ás 12:00 horas do martes 16 de maio de 2017, constitúese a Mesa de Contratación integrada da forma sinalada, co obxecto de proceder á valoración da segunda oferta presentada ou ratificación da primeira e elevar unha proposta de adxudicación ao órgano de contratación para adxudicar o subministro anteriormente citado.

As seguintes empresas presentaron en forma e prazo documentación xustificativa das súas ofertas:

- ELECTRICIDAD PERMUY, S.L. (R.E. 2480 de 12.05.2017)
- HALLMANN ENERGIE, S.L.(R.E. 2521 de 12.05.2017)

Realizados novamente os cálculos correspondentes, obtéñese a seguinte valoración definitiva:

EMPRESA	PUNTUACIÓN TÉCNICA	OFERTA ECONÓMICA (SEN IVE)	PUNTUACIÓN OFERTA ECONÓMICA	AMPLIACIÓN GARANTÍA	PUNTUACIÓN AMPLIACIÓN GARANTÍA	TOTAL
ELECTRICIDAD PERMUY, S.L.	32,00	15.700,00	25,00	5 anos	3,00	60,00
HALLMANN ENERGIE, S.L.	37,00	15.990,00	23,40	8 anos	10,00	70,40



Vistos os resultados obtidos, a Mesa acorda:

1.- Propoñer ao órgano de contratación a adxudicación do contrato "SUBMINISTRO DE MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA DO CONCELLO DE CEDEIRA. PMA 2016" á seguinte empresa, por ofrecer a oferta no seu conxunto máis vantaxosa:

Empresa: HALLMANN ENERGIE, S.L.

Prezo: 15.990,00 euros e 3.357,90 euros de IVE, cun total de 19.347,90 euros.

2.- Reunirse de novo para cualificar a documentación que deberá presentar este licitador, de acordo co previsto no Prego-tipo de cláusulas administrativas; unha vez requirido polo órgano de contratación, con carácter previo á adxudicación.

3.- Publicar na páxina web do Concello de Cedeira a presente acta; así como o requirimento da Alcaldía de presentación da documentación necesaria para continuar coa adxudicación, por parte da empresa proposta.

O presidente dá por rematada esta sesión ás 12:30 horas do expresado día, e estendo de todo isto a presente acta, do que eu, secretaria da Mesa, dou fe.